

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín
Dna. Raquel Caruncho Corral
D. José Simoes Couceiro.
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana María Veira García.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as 11 horas e 37 minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

Dna. Marta Pico Machado.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

Iniciábase a sesión xustificando a Alcaldía-Presidencia a necesidade desta sesión extraordinaria que vén dar cumprimento ao disposto nos artigos 26 e 27 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, segundo a reiterada interpretación da Xunta Electoral Central, para proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

UNICO: SORTEO DOS/AS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO VINDEIRO 26 DE XUÑO DE 2016.

"A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO VINDEIRO 26 DE XUÑO DE 2016

A necesidade da sesión ven motivada pola convocatoria das eleccións ao Congreso dos Deputados do vindeiro 26 de xuño e convócase atendendo ao disposto no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño)

Propónse o seguinte sistema a seguir, de conformidade co acordado pola Comisión informativa de facenda 26.01.2009, sobre a utilización de medios informáticos dos que se dispoñen para poder realizar o sorteo público para a composición das Mesas Electorais das vindeiras eleccións xerais do 26 de xuño de 2016:

Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente



nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra hoxe mesmo.

No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionaranse os números que resulten de sumar 10 aos números dos/as electores/as que se substitúan, sempre que se reúnan os requisitos esixidos pola Lei electoral para ser Presidente/a ou Vogal segundo o establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das Eleccións Xerais de 26 de xuño de 2016.

2.- Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Pontedeume, 27 de maio de 2016.

O Alcalde

D. Bernardo Fernández Piñeiro"

A secretaria explica o sistema que se vai seguir, consistente, de conformidade co acordado pola Comisión informativa de facenda 26.01.2009, sobre a utilización de medios informáticos dos que se dispoñen para poder realizar o sorteo público para a composición das Mesas Electorais das vindeiras eleccións locais do 24 de maio de 2015, dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso. Trátase de autorizar que o sorteo se faga normalmente nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebra hoxe mesmo.

Dña. Ana Ramos Ramos indica que o sorteo das persoas que substituirían aos titulares e suplentes iniciais xa está realizado polo propio programa informático.

Visto canto antecede, **ACORDASE** por unanimidade dos membros presentes:

1. Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das mesas electorais con motivo das Eleccións Xerais de 26 de xuño de 2016.

2.- Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

3.- Ratificar as normas segundo o sistema acordado na Comisión Informativa do 26.01.2009 de que no caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o seu nomeamento, o/s elector/es cuxo número resulte de sumar 10 ao número de elector/es que substitúa/n, sempre que cumpran os requisitos legais para ser Presidente/a ou Vogal da mesa, segundo o artigo 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

De seguido, a Secretaria da lectura ás persoas membros das mesas que resultaron do sorteo (1 presidente/a e 2 vogais por mesa)

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde remata a sesión, sendo as 11 horas e 47 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria, que dá fe.

A Secretaria

D^a Ana Ramos Ramos

V. e Pr.
O alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro